

# PXOM

Concello de Silleda  
(Pontevedra)



## PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



**DOC. III**  
**ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL**

Volume 1 de 3

*Aprobación definitiva*

36052\_PXOM\_202303\_AD  
Marzo 2023

ALFONSO  
BOTANA  
ARQUITECTURA-URBANISMO-MEDIOAMBIENTE

## ÍNDICE XERAL DO PXOM

**DOC. I.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBXECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS**

**DOC. II.- ESTUDO DO MEDIO RURAL**

**DOC. III.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL**

**DOC. IV.- PLANOS DE INFORMACIÓN**

**DOC. V.- PLANOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA**

**DOC. VI.- NORMAS URBANÍSTICAS**

**DOC. VII.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN**

**DOC. VIII.- ESTUDO ECONÓMICO**

**DOC. IX.- CATÁLOGO DE ELEMENTOS A PROTEXER OU RECUPERAR**

**DOC. X.- INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL**

**DOC. XI.- INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA**

**DOC. XII.- DOCUMENTO DE CONSULTAS**

## DOC. III.- ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

### ÍNDICE

1.	ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.....	3
1.1	RELACIÓN DE ENTIDADES DE POBOACIÓN EXISTENTES.....	3
1.2	PARROQUIAS .....	15
1.2.1	Delimitación .....	15
1.2.2	Estrutura territorial .....	15
1.2.3	Xerarquía dos asentamentos dentro de cada parroquia .....	18
1.3	CLASIFICACIÓN DAS ENTIDADES EXISTENTES .....	36
1.3.1	TAMAÑO.....	36
1.4	CARACTERÍSTICAS DOS ASENTAMENTOS TRADICIONAIS .....	37
1.4.1	Conformación física .....	37
1.5	FICHAS DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN .....	43
1.6	FICHAS DA CONSOLIDACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS .....	43

## 1. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

### 1.1 RELACIÓN DE ENTIDADES DE POBOACIÓN EXISTENTES

O CADRO N° 1 contén a relación de entidades de poboación existentes no concello de SILLEDA, os datos de poboación e vivenda obtivéronse do Instituto Nacional de Estadística; a poboación contrastouse para os anos 2001 e 2009. Para o caso da vivenda presentamos máis dificultades para contar con datos actualizados, e inda con maior dificultade se baixamos ao detalle de entidade de poboación, motivo polo que se contrastaron os datos oficiais dos anos 1991 e 2001, últimos datos publicados de vivenda no INE.

**CADRO Nº 1. RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN, EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DO PARQUE DE VIVENDAS**

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
0100	1.- Abades (Santa María)	161	137	-14,91	Regresiva	80	72	-10	Negativa	
0101	Abades (A Igrexa)	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	
0102	Abades (A Igrexa)	46	35	-23,91	Regresiva	35	24	-31,43	Positiva	
0103	Bazar	66	61	-7,58	Regresiva	23	22	-4,35	Positiva	
0104	Bouza, A	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
0105	Covas	21	15	-28,57	Regresiva	11	14	27,27	Positiva	
0106	Reboreda	5	6	20	Progresiva	3	3	0	Nula	
0107	Campomarzo	23	20	-13,04	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
0200	2.- Ansemil ( San Pedro)	75	67	-10,67	Regresiva	30	28	-6,67	Negativa	
0201	Ansemil	48	44	-8,33	Regresiva	15	17	13,33	Positiva	
0202	Manduas	27	23	-14,81	Regresiva	15	11	-26,67	Negativa	
0203	Martixe de Arriba	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	Sen datos estatísticos
0300	3.- Breixa (Santiago)	168	129	-23,21	Regresiva	63	62	-1,59	Negativa	
0301	Breixa/	49	41	-16,33	Regresiva	nd	nd	nd	nd	
0303	Breixiña	0	0	0	Nula	nd	nd	nd	nd	Sen datos estatísticos
0304	Outeiro, O	24	14	-41,67	Regresiva	7	7	0	Nula	
0305	Pena, A	24	20	-16,67	Regresiva	6	6	0	Nula	
0306	Castro de Breixa, O	48	33	-31,25	Regresiva	14	13	-7,14	Negativa	
0400	4.- Carboeiro (Santa María)	65	58	-10,77	Regresiva	24	22	-8,33	Negativa	
0401	Carboeiríño	30	27	-10	Regresiva	10	10	0	Nula	
0402	Carboeiro de Francia	35	31	-11,43	Regresiva	14	12	-14,29	Negativa	
0500	5.- Castro O, (San Mamede)	118	97	-17,8	Regresiva	47	45	-4,26	Negativa	
0501	Agríño, O	16	13	-18,75	Regresiva	5	5	0	Nula	
0502	Coto, O	41	38	-7,32	Regresiva	10	13	30	Positiva	
0503	Lázara	17	10	-41,18	Regresiva	15	11	-26,67	Negativa	
0504	Outeiriño, O	8	9	12,5	Progresiva	4	3	-25	Negativa	
0505	Tellado, O	10	6	-40	Regresiva	3	3	0	Nula	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
0506	Vilavella	26	21	-19,23	Regresiva	10	10	0	Nula	
0600	6.- Cervaña (San Salvador)	137	114	-16,79	Regresiva	54	58	7,41	Positiva	
0601	Alfonsiños	29	24	-17,24	Regresiva	11	15	36,36	Positiva	
0602	Ouzande	34	34	0	Regresiva	13	17	30,77	Positiva	
0603	Reguenga	46	31	-32,61	Regresiva	17	15	-11,76	Negativa	
0604	Requeixo	28	25	-10,71	Regresiva	13	11	-15,38	Negativa	
0700	7.- Chapa (San Cibrao)	162	149	-8,02	Regresiva	71	72	1,41	Positiva	
0701	Cruz, A	33	30	-9,09	Regresiva	19	25	31,58	Positiva	
0702	Chapa	45	37	-17,78	Regresiva	20	17	-15	Negativa	
0703	Cornado	42	42	0	Regresiva	19	18	-5,26	Negativa	
0704	Eirexe	33	32	-3,03	Regresiva	9	9	0	Nula	
0705	Penido	9	8	-11,11	Regresiva	4	3	-25	Negativa	
0800	8.- Cira ( Santa Baía)	301	254	-15,61	Regresiva	103	102	-0,97	Negativa	
0801	Altamira	10	11	10	Progresiva	5	5	0	Nula	
0802	Braña, A	0	0	0	Regresiva	nd	nd	nd	nd	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
0803	Cruz, A	30	22	-26,67	Regresiva	11	13	18,18	Positiva	
0804	Fucarelos	43	36	-16,28	Regresiva	12	14	16,67	Positiva	
0805	Currás, Os	27	24	-11,11	Regresiva	12	9	-25	Negativa	
0806	Curro, O	79	65	-17,72	Regresiva	24	21	-12,5	Negativa	
0807	Rendo	14	16	14,29	Progresiva	4	4	0	Nula	
0808	Santa Baía	11	6	-45,45	Regresiva	4	4	0	Nula	
0809	Sobrado	30	22	-26,67	Regresiva	10	11	10	Positiva	
0810	Vilacalva	7	5	-28,57	Regresiva	3	2	-33,33	Negativa	
0811	Vilar	50	47	-6	Regresiva	18	19	5,56	Positiva	
0900	9.- Cortegada (Santa María)	358	282	-21,23	Regresiva	128	120	-6,25	Negativa	
0901	Brea, A	17	20	17,65	Progresiva	8	5	-37,5	Negativa	
0902	Burgo, O	0	0	0	Regresiva	nd	nd	nd	nd	Non figura no Nomenclátor de 2001 e 2009
0903	Camporrapado	68	62	-8,82	Regresiva	18	20	11,11	Positiva	
0904	Cardigonde	76	48	-36,84	Regresiva	22	26	18,18	Positiva	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
0905	Cortegadela	14	12	-14,29	Regresiva	5	6	20	Positiva	
0906	Covas	15	12	-20	Regresiva	6	6	0	Nula	
0907	Fondevila	33	22	-33,33	Regresiva	9	8	-11,11	Negativa	
0908	Framiñán	23	17	-26,09	Regresiva	11	7	-36,36	Negativa	
0909	Barral, O	34	30	-11,76	Regresiva	12	15	25	Positiva	
0910	Regalade	29	24	-17,24	Regresiva	14	12	-14,29	Negativa	
0911	Segade	2	0	-100	Regresiva	5	1	-80	Negativa	
0912	Xubín	47	35	-25,53	Regresiva	18	14	-22,22	Negativa	
1000	10.- Dornelas (San Martiño)	177	152	-14,12	Regresiva	61	64	4,92	Positiva	
1001	Bascuas	58	50	-13,79	Regresiva	21	22	4,76	Positiva	
1002	Dornelas	73	67	-8,22	Regresiva	25	26	4	Positiva	
1003	Portiño, O	46	35	-23,91	Regresiva	15	16	6,67	Positiva	
1100	11.- Escuadro (San Salvador)	575	512	-10,96	Regresiva	185	217	17,3	Positiva	
1101	Balántiga	31	26	-16,13	Regresiva	6	7	16,67	Positiva	
1102	Barreiro	29	33	13,79	Progresiva	7	9	28,57	Positiva	
1103	Bustelo	39	31	-20,51	Regresiva	14	14	0	Nula	
1104	Cascaxide	37	30	-18,92	Regresiva	15	18	20	Positiva	
1105	Cimadevila	36	33	-8,33	Regresiva	8	8	0	Nula	
1106	Cumbras	38	30	-21,05	Regresiva	13	16	23,08	Positiva	
1107	Escuadro	48	42	-12,5	Regresiva	23	26	13,04	Positiva	
1108	Férveda	11	8	-27,27	Regresiva	3	3	0	Nula	
1109	Outeiro	44	33	-25	Regresiva	12	11	-8,33	Negativa	
1110	Paredes	26	24	-7,69	Regresiva	9	9	0	Nula	
1111	Penadagua, A	10	12	20	Progresiva	5	7	40	Positiva	
1112	Portovello	15	8	-46,67	Regresiva	3	5	66,67	Positiva	
1113	Rañadoiro	2	2	0	Regresiva	3	4	33,33	Positiva	
1114	Sar	36	34	-5,56	Regresiva	13	17	30,77	Positiva	
1115	Senra	72	65	-9,72	Regresiva	20	26	30	Positiva	
1116	Sestelo	61	60	-1,64	Regresiva	17	17	0	Nula	
1117	Soldecasa	40	41	2,5	Progresiva	14	20	42,86	Positiva	



CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			91/01	1991			
1118	Somoza, A	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	Sen datos estadísticos de poboación
1200	12.- Fiestras (San Martiño)	159	143	-10,06	Regresiva	46	49	6,52	Positiva	
1201	Aragonza	24	22	-8,33	Regresiva	6	6	0	Nula	
1202	Barcia	17	19	11,76	Progresiva	7	6	-14,29	Negativa	
1203	Costoia	22	13	-40,91	Regresiva	4	7	75	Positiva	
1204	Fiestras	38	38	0	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
1205	Maril	14	11	-21,43	Regresiva	7	8	14,29	Positiva	
1206	Marín	0	0	0	Estacionaria	2	1	-50	Negativa	
1207	Recimil	19	18	-5,26	Regresiva	5	5	0	Nula	
1208	San Martiño	13	12	-7,69	Regresiva	4	4	0	Nula	
1209	Santo Antonio	12	10	-16,67	Regresiva	3	3	0	Nula	
1300	13.- Graba (Santa María)	329	265	-19,45	Regresiva	104	95	-8,65	Negativa	
1301	Arcos	34	26	-23,53	Regresiva	14	11	-21,43	Negativa	
1302	Barreiro	8	6	-25	Regresiva	3	4	33,33	Positiva	
1303	Eirexe	29	26	-10,34	Regresiva	6	7	16,67	Positiva	
1304	Ervixe	23	21	-8,7	Regresiva	8	5	-37,5	Negativa	
1304	Fontao, O	19	13	-31,58	Regresiva	8	6	-25	Negativa	
1306	Outeiro, O	36	31	-13,89	Regresiva	11	10	-9,09	Negativa	
1307	Souto, O	24	18	-25	Regresiva	13	11	-15,38	Negativa	
1308	Pedrouzo	76	56	-26,32	Regresiva	23	24	4,35	Positiva	
1309	Penalta	17	12	-29,41	Regresiva	3	3	0	Nula	
1310	Santa Mariña	44	40	-9,09	Regresiva	10	9	-10	Negativa	
1311	Vilar	19	16	-15,79	Regresiva	5	5	0	Nula	
1400	14.- Lamela (San Miguel)	321	283	-11,84	Regresiva	118	121	2,54	Positiva	
1401	Brea, A	13	12	-7,69	Regresiva	4	6	50	Positiva	
1402	Casela, A	5	4	-20	Regresiva	2	2	0	Nula	
1403	Codeseira, A	6	8	33,33	Progresiva	2	2	0	Nula	
1404	Goleta, A	27	21	-22,22	Regresiva	9	--	--	Nula	
1405	Peroxa, A	42	39	-7,14	Regresiva	13	13	0	Nula	
1406	Barravaite	71	63	-11,27	Regresiva	25	28	12	Positiva	



CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
1407	Gorís	75	62	-17,33	Regresiva	25	28	12	Positiva	
1408	Santa Cristina	35	31	-11,43	Regresiva	16	17	6,25	Nula	
1409	Vilariño	35	35	0	Estacionaria	14	11	-21,43	Negativa	
1500	15.- Laro (San Salvador)	374	351	-6,15	Regresiva	117	130	11,11	Positiva	
1501	Pereira, A	28	23	-17,86	Regresiva	11	11	0	Nula	
1502	Forcas	59	61	3,39	Progresiva	21	23	9,52	Positiva	
1503	Freixeiro	115	111	-3,48	Regresiva	30	37	23,33	Positiva	
1504	Galán	46	47	2,17	Progresiva	14	13	-7,14	Negativa	
1505	Laro	30	25	-16,67	Regresiva	9	10	11,11	Positiva	
1507	Riobó	10	6	-40	Regresiva	3	3	0	Nula	
1508	San Martiño	11	11	0	Regresiva	3	3	0	Nula	
1509	Sante	40	35	-12,5	Regresiva	13	12	-7,69	Negativa	
1510	Pereiro, O	19	20	5,26	Progresiva	8	10	25	Positiva	
1600	16.- Manduas (San Tirso)	958	1010	5,43	Progresiva	380	568	49,47	Positiva	
1601	Souto, O	16	12	-25	Regresiva	5	8	60	Positiva	
1602	Bandeira, A	673	740	9,96	Progresiva	255	440	72,55	Positiva	
1603	Devesa, A	35	33	-5,71	Regresiva	12	11	-8,33	Negativa	
1604	Moa, A	10	14	4	Progresiva	7	7	0	Estacionaria	
1605	Andamollo	28	22	-21,43	Regresiva	13	17	30,77	Positiva	
1606	Bravil	4	5	25	Progresiva	4	2	-50	Negativa	
1607	Crestelle	2	0	-100	Regresiva	1	1	0	Nula	
1608	Ferrosos	12	15	25	Progresiva	9	4	-55,56	Negativa	
1609	Letros	25	21	-16	Regresiva	6	8	33,33	Positiva	
1610	Lourás	48	52	8,33	Progresiva	21	27	28,57	Positiva	
1611	Medelo	11	10	-9,09	Regresiva	5	5	0	Nula	
1612	Castro, O	25	26	4	Progresiva	11	9	-18,18	Negativa	
1613	Outeiro	11	11	0	Regresiva	9	6	-33,33	Negativa	
1614	Quintela	37	32	-13,51	Regresiva	10	10	0	Nula	
1615	San Tirso	0	0	0	nd	nd	nd	nd	Nula	Sen datos estadísticos de poboación
1616	Vilaverde	16	14	-12,5	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			91/01	1991			
1617	Maceiraboa	0	0	0	Estacionaria	nd	nd	nd	nd	Identifícase o topónimo no IGN como Maceiraboa
1700	17.- Margaride (San Fiz)	200	176	-12	Regresiva	59	62	5,08	Positiva	
1701	Costela	33	32	-3,03	Regresiva	14	12	-14,29	Negativa	
1702	Gamil	19	16	-15,79	Regresiva	6	6	0	Nula	
1703	San Fiz	101	76	-24,75	Regresiva	32	33	3,13	Negativa	
1704	Vilanova	47	52	10,64	Progresiva	7	11	57,14	Positiva	
1800	18.- Martixe (San Cristovo)	134	123	-8,21	Regresiva	60	50	-16,67	Negativa	
1801	Moa, A	43	38	-11,63	Regresiva	18	13	-27,78	Negativa	
1802	Martixe de Abaixo	44	38	-13,64	Regresiva	18	18	0	Nula	
1803	Paradela de Abaixo	47	47	0	Regresiva	24	19	-20,83	Negativa	
1804	Paradela de Arriba	0	0	0	Estacionaria	24	19	-20,83	Negativa	Sen datos estatísticos de poboación
1900	19.- Moalde (San Mamede)	249	202	-18,88	Regresiva	91	93	2,2	Positiva	
1901	Meda, A	38	34	-10,53	Regresiva	15	14	-6,67	Negativa	
1902	Portela, A	17	14	-17,65	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
1903	Cabana	10	8	-20	Regresiva	2	2	0	Nula	
1904	Casamaría	30	26	-13,33	Regresiva	7	7	0	Nula	
1905	Costela	25	18	-28	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
1906	Eirexe	17	16	-5,88	Regresiva	11	13	18,18	Positiva	
1907	Lis	29	22	-24,14	Regresiva	8	7	-12,5	Negativa	
1908	Outeiro	19	15	-21,05	Regresiva	7	7	0	Nula	
1909	Quinteiro	28	20	-28,57	Regresiva	12	12	0	Nula	
1910	Rabo de Gato	3	2	-33,33	Regresiva	2	4	100	Positiva	
1911	Ribas	15	16	6,67	Progresiva	7	7	0	Nula	
1912	Xindiriz	18	11	-38,89	Regresiva	4	5	25	Positiva	
2001	20.- Negreiros (San Martiño)	217	205	-5,53	Regresiva	69	68	-1,45	Negativa	
2001	Ponte da Pedra, A	6	11	83,33	Progresiva	2	3	50	Positiva	
2002	Negreiriños	17	15	-11,76	Regresiva	3	3	0	Nula	
2003	Campo, O	25	21	-16	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
2004	Couto, O	12	16	33,33	Progresiva	5	5	0	Nula	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
2005	Outeiro	25	24	-4	Regresiva	5	7	40	Positiva	
2006	Ribeirao	44	40	-9,09	Regresiva	15	17	13,33	Nula	
2007	Riobó	10	8	-20	Regresiva	4	3	-25	Negativa	
2008	Sachocos	27	25	-7,41	Regresiva	8	5	-37,5	Negativa	
2009	San Martiño	17	15	-11,76	Regresiva	7	5	-28,57	Negativa	
2010	Riocalvo	34	30	-11,76	Regresiva	12	11	-8,33	Negativa	
2100	21.- Oleiros (San Miguel)	143	116	-18,88	Regresiva	49	54	10,2	Positiva	
2101	Laxe	42	33	-21,43	Regresiva	12	16	33,33	Positiva	
2102	Marza	11	5	-54,55	Regresiva	7	6	-14,29	Negativa	
2103	Oleiros	28	19	-32,14	Regresiva	11	13	18,18	Positiva	
2104	Pazos	32	32	0	Regresiva	7	7	0	Nula	
2105	Pena do Camiño	16	12	-25	Regresiva	4	6	50	Positiva	
2106	Vilanova	14	15	7,14	Progresiva	5	6	20	Positiva	
2200	22.- Parada (San Tomé)	233	205	-12,02	Regresiva	87	74	-14,94	Negativa	
2201	Barro, O	24	22	-8,33	Regresiva	10	8	-20	Negativa	
2202	Cruceiro, O	7	7	0	Estacionaria	5	5	0	Nula	
2203	Eirexe	64	50	-21,88	Regresiva	22	20	-9,09	Negativa	
2204	Freixeiro	0	0		Estacionaria	3	--	--	Nula	
2205	Outeiro, O	40	39	-2,5	Regresiva	13	14	7,69	Positiva	
2206	Pereiro, O	28	13	-53,57	Regresiva	8	9	12,5	Positiva	
2207	Portodabalde	26	37	42,31	Progresiva	10	7	-30	Negativa	
2208	Redemuños	9	8	-11,11	Regresiva	3	3	0	Nula	
2209	Souto Nogueira	32	26	-18,75	Regresiva	8	7	-12,5	Negativa	
2210	Veiga, A	3	3	0	Estacionaria	2	1	-50	Negativa	
2300	23.- Pazos (San Martiño)	58	47	-18,97	Regresiva	21	23	9,52	Positiva	
2301	Pazos	41	37	-9,76	Regresiva	16	19	18,75	Positiva	
2302	Quintás	17	10	-41,18	Regresiva	5	4	-20	Negativa	
2400	24.- Piñeiro (San Xiao)	241	202	-16,18	Regresiva	89	92	3,37	Positiva	
2401	Besteiros	42	36	-14,29	Regresiva	17	18	5,88	Positiva	
2402	Castramonde	30	21	-30	Regresiva	10	11	10	Positiva	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
2403	Castro Castriño	25	20	-20	Regresiva	12	10	-16,67	Negativa	
2404	Cuíña	47	33	-29,79	Regresiva	17	20	17,65	Positiva	
2405	Campo, O	38	35	-7,89	Regresiva	15	17	13,33	Positiva	
2406	Portapiñeiro	40	38	-5	Regresiva	11	10	-9,09	Negativa	
2407	Santifoga	19	19	0	Estacionaria	7	6	-14,29	Negativa	
2500	25.- Ponte (San Miguel)	179	184	2,79	Progresiva	71	69	-2,82	Negativa	
2501	Aldea de Abaixo	5	10	100	Progresiva	5	5	0	Nula	
2502	Carderei	56	47	-16,07	Regresiva	17	21	23,53	Positiva	
2503	Meixomence	20	20	0	Regresiva	8	8	0	Nula	
2504	Rosende	45	45	0	Regresiva	21	16	-23,81	Negativa	
2505	Trasfontao	17	17	0	Regresiva	8	6	-25	Negativa	
2506	Penanegra	0	0	0	Estacionaria	nd	nd	nd	nd	Identifícase o topónimo no IGN como Penanegra
2507	Trasdosisto	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	Sen datos estatísticos de poboación
2508	Espiño, O	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	nd	Sen datos estatísticos de poboación
2509	Sino	36	45	25	Progresiva	12	13	8,33	Positiva	
2600	26.- Refoxos (San Paio)	149	133	-10,74	Regresiva	47	50	6,38	Positiva	
2601	Pallota, A	8	5	-37,5	Regresiva	3	3	0	Nula	
2602	Cardesín	9	7	-22,22	Regresiva	4	5	25	Positiva	
2603	Currospedriños	19	18	-5,26	Regresiva	6	5	-16,67	Negativa	
2604	Lázara	52	43	-17,31	Regresiva	16	17	6,25	Positiva	
2605	Couto, O	22	26	18,18	Progresiva	7	8	14,29	Positiva	
2606	Outeiro, O	8	6	-25	Regresiva	2	3	50	Positiva	
2607	Tíxo	12	10	-16,67	Regresiva	3	4	33,33	Positiva	
2608	Xastres	19	18	-5,26	Regresiva	6	5	-16,67	Negativa	
2700	27.- Rellas (San Martiño)	103	85	-17,48	Regresiva	33	40	21,21	Positiva	
2701	Lama, A	44	35	-20,45	Regresiva	12	13	8,33	Positiva	
2702	Torrevedra, A	21	18	-14,29	Regresiva	5	6	20	Positiva	
2703	Corveira	7	5	-28,57	Regresiva	2	2	0	Nula	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
2704	Eirexe	16	14	-12,5	Regresiva	6	8	33,33	Positiva	
2705	Vis	15	13	-13,33	Regresiva	8	11	37,5	Positiva	
2800	28.- Saídres (San Xoán )	128	110	-14,06	Regresiva	59	70	18,64	Positiva	
2801	Cañoteira, A	14	13	-7,14	Regresiva	6	7	16,67	Positiva	
2802	Pena, A	10	7	-30	Regresiva	6	7	16,67	Positiva	
2803	Aldea Grande	25	22	-12	Regresiva	11	12	9,09	Positiva	
2804	Barradaos	8	9	12,5	Progresiva	5	8	60	Positiva	
2805	Carracido	7	4	-42,86	Regresiva	5	5	0	Nula	
2806	Casardoño	13	12	-7,69	Regresiva	6	7	16,67	Positiva	
2807	Caxeba	15	13	-13,33	Regresiva	7	7	0	Nula	
2808	Maragouzos	19	15	-21,05	Regresiva	6	8	33,33	Positiva	
2809	Moimenta	13	12	-7,69	Regresiva	5	7	40	Positiva	
2810	Pedralaxe	4	3	-25	Regresiva	2	2	0	Nula	
2900	29.- Siador (San Miguel)	183	146	-20,22	Regresiva	79	82	3,8	Positiva	
2901	Barcia, A	2	3	50	Progresiva	3	3	0	Nula	
2902	Barro	11	6	-45,45	Regresiva	5	5	0	Nula	
2903	Cartimil	0	0	0	Estacionaria	2	2	0	Nula	
2904	Cóscaros	11	7	-36,36	Regresiva	7	5	-28,57	Negativa	
2905	Costoia	4	3	-25	Regresiva	1	1	0	Nula	
2906	Currelo, O	5	3	-40	Regresiva	4	6	50	Positiva	
2907	Marco, O	51	50	-1,96	Regresiva	21	26	23,81	Positiva	
2908	Penadagra	30	21	-30	Regresiva	8	8	0	Nula	
2909	Sestelo	12	10	-16,67	Regresiva	10	10	0	Nula	
2910	Siador	56	43	-23,21	Regresiva	16	15	-6,25	Negativa	
3000	30.- Silleda (Santa Baia)	2.066	2.908	40,76	Progresiva	744	1.274	71,24	Positiva	
3001	Mera, A	52	43	-17,31	Regresiva	11	17	54,55	Positiva	
3002	Casas do Monte	14	10	-28,57	Regresiva	4	3	-25	Negativa	
3003	Fonteboa	21	13	-38,1	Regresiva	8	8	0	Nula	
3004	Mourelos	50	45	-10	Regresiva	18	21	16,67	Positiva	
3005	Foxo, O	50	56	12	Progresiva	37	31	-16,22	Negativa	

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009			1991	2001			
3006	Silleda	1.767	2.653	50,14	Progresiva	620	1.147	85	Positiva	
3007	Toiriz	53	41	-22,64	Regresiva	20	24	20	Positiva	
3008	Toxa	35	21	-40	Regresiva	16	13	-18,75	Negativa	
3009	Trasfontao	14	17	21,43	Progresiva	6	6	0	Nula	
3010	As Ferreiras (Trasdaigrexa)	0	0	0	Estacionaria	nd	nd	nd	nd	Identifícase o topónimo no IGN como As Ferreiras
3100	31.- Taboada (Santiago)	248	219	-11,69	Regresiva	83	94	13,25	Positiva	
3101	Regueira, A	9				2	2	0	Nula	
3102	Carral	28	32	14,29	Progresiva	12	11	-8,33	Negativa	
3103	Eirexe	39	36	-7,69	Regresiva	13	13	0	Nula	
3104	Reboredo	39	nd	nd	nd	12	14	16,67	Positiva	
3105	Taboada Vella	73	nd	nd	nd	32	30	-6,25	Negativa	
3106	Trasdovalo	28	nd	nd	nd	6	14	133,33	Positiva	
3107	Ponte Taboada, A	4	7	75	Progresiva	2	3	50	Positiva	
3108	Carballeda	28	24	-14,29	Regresiva	4	7	75	Positiva	
3200	32.- Vilar (San Martiño)	127	Sen datos estadísticos de poboación	Sen datos estadísticos de poboación	Sen datos estadísticos de poboación	53	61	15,09	Positiva	
3201	Cabodevila	44	nd	nd	nd	14	15	7,14	Positiva	Sen datos estadísticos de poboación
3202	Mazarelos	27	nd	nd	nd	15	13	-13,33	Negativa	Sen datos estadísticos de poboación
3203	Barral, O	13	nd	nd	nd	6	8	33,33	Positiva	Sen datos estadísticos de poboación
3204	Campo, O	23	nd	nd	nd	9	11	22,22	Positiva	Sen datos estadísticos de poboación
3205	Redondo, O	20	nd	nd	nd	9	14	55,56	Positiva	Sen datos estadísticos de poboación
3300	33.- Xestoso (Santa María)	79	Sen datos estadísticos de poboación	Sen datos estadísticos de poboación	Sen datos estadísticos de poboación	29	26	-10,34	Negativa	
3301	Fontefría	19	nd	nd	nd	6	5	-16,67	Negativa	Sen datos estadísticos de poboación
3302	Fontelas	8	nd	nd	nd	3	3	0	Nula	Sen datos estadísticos de poboación

CÓDIGO FICHA AMAP	NOME	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia	Observacións
		2001	2009		91/01	1991	2001		91/01	
3303	Reigosa	0	nd	nd	nd	1	1	0	Nula	Sen datos estadísticos de poboación
3304	Río	9	nd	nd	nd	4	4	0	Nula	Sen datos estadísticos de poboación
3305	Xestoso	43	nd	nd	nd	15	13	-13,33	Negativa	Sen datos estadísticos de poboación
	<b>TOTAL MUNICIPAL</b>	<b>9.175</b>	<b>9.248</b>	<b>0,8</b>	<b>Progresiva</b>	<b>3.334</b>	<b>4.060</b>	<b>23,19</b>	<b>Positiva</b>	

FONTES: Censo de Poboación de España de 2001.Nomenclátor. Provincia de Pontevedra. INE/IGE

Padrón Municipal de Habitantes 2001.Nomenclátor de Pontevedra. INE/IGE

Elaboración propia



## 1.2 PARROQUIAS

### 1.2.1 Delimitación

No plano nº III.2 grafase a delimitación das parroquias do municipio de SILLEDA.

Como se observa no referido plano o ámbito territorial do municipio divídese en trinta e tres parroquias.

### 1.2.2 Estrutura territorial

#### 1.2.2.1 POBOACIÓN

No municipio de SILLEDA, de acordo cos datos contidos no CADRO Nº 2, contábase no ano 2.001 con 9.175 habitantes, repartidos en trinta e tres parroquias e en 293 entidades de poboación, o que representa unha media de 278 habitantes por parroquia e de 31 hab/entidade.

As parroquias con maior poboación son en primeiro lugar, SILLEDA (2.066 habitantes) a continuación atópase a parroquia de Manduas (958 habitantes), Escuadro (575 habitantes), Laro (374 habitantes) e Cortegada (358 habitantes).

SILLEDA, ademais de ser a parroquia mais poboada, é tamén a que ofrece maior densidade de poboación (252 hab/Km<sup>2</sup>). Atendendo ao nivel de dispersión da poboación, podemos considerar que unicamente existe unha alta concentración de poboación con respecto ao resto, na parroquia de SILLEDA (188 hab/ent). As restantes 32 parroquias presentan maior dispersión, con cifras inferiores a 50 habitantes por entidade, situándose no extremo inferior, como parroquias con maior dispersión as de Saídres e Siador (13 habitantes/entidade) situadas ao nordeste e este respectivamente do municipio.

#### 1.2.2.2 VIVENDAS

Dos datos contidos no CADRO Nº 2, despréndese que as 293 entidades de poboación con datos de poboación e vivenda, existentes no municipio de SILLEDA intégranse en trinta e tres parroquias, destacando polo seu tamaño habitacional a parroquia de SILLEDA (1.274 vivendas), situada ao nordeste do municipio, séguenlle, pero relativamente lonxe, as parroquias de Manduas (568 vivendas), localizada na zona noroeste do municipio, onde se atopa o núcleo de Bandeira, e Escuadro (217 vivendas) situada na zona oeste do municipio e atravesada pola N-640.

A parroquia de SILLEDA polariza mais da cuarta parte (31 %) das vivendas totais do municipio. No obstante esta parroquia está integrada polo núcleo de maior entidade que corresponde á capitalidade do municipio.

A parroquia de Manduas, onde se atopa o segundo núcleo de importancia do municipio, Bandeira, polariza o 14% das vivendas do municipio e as 31 parroquias restantes polarizan o 55 % do total de vivendas.

A parroquia con maior densidade de vivendas é a de SILLEDA (155 vivendas/km<sup>2</sup>), destacando por riba das demais, e as restantes por orde decrecente: Manduas (90 vivendas/km<sup>2</sup>), Parada (67vivendas/km<sup>2</sup>), e Lamela (52 vivendas/km<sup>2</sup>), Chapa (31 vivendas/km<sup>2</sup>). As 28 restantes parroquias non superan as 28 vivendas/Km<sup>2</sup>.

As tres parroquias con maior densidade de vivendas, excepto a de Parada, son as que observan tamén menor dispersión con valores de 115 viv/entidade (SILLEDA), 34 viv/entidade (Manduas).

Como resumen a nivel parroquial, no municipio de SILLEDA destacan os seguintes rasgos:

A parroquia de SILLEDA destaca porque con 1.274 vivendas é a parroquia con maior número de vivendas. Así como é a parroquia con maior densidade (155 vivendas/Km<sup>2</sup>) e con maior nivel de concentración da edificación (115 viv/entidade). Seguida da parroquia de Manduas con 380 vivendas, densidade (90 vivendas/Km<sup>2</sup>) e un nivel de concentración da edificación (33 viv/entidade).

Excepto as parroquias de Escuadro (12,01km<sup>2</sup>), Refoxos (10,00km<sup>2</sup>), Graba(9,73km<sup>2</sup>), e Cortegada (9,60km<sup>2</sup>), que son de tamaño superior e están situadas ao sur da N-525, as parroquias restantes son de tamaño inferior á de Silleda e Manduas.

Debido a que excluindo a parroquia de SILLEDA, as parroquias restantes non ofrecen diferenzas significativas, agrupáronse por unha parte as parroquias da zona norte, tomando como referencia a N-525, e por outra as do sur do municipio resultando, en relación co modelo de asentamento, as seguintes características:

#### 1.2.2.2.1 ZONA NORTE

Esta zona, sobre a que se asenta o núcleo capital de SILLEDA e o de Bandeira na parroquia de Manduas, está integrada polas parroquias de Abades, Ansemil, Breixa, Carboeiro, O Castro, Cira, Dornelas, Lamela, Manduas, Martixe, Negreiros, Pazos, Piñeiro, Ponte, Saídres, Silleda, Taboada e Vilar. Neste ámbito sitúanse 2.325 vivendas, o que representa o 64 % das vivendas totais do municipio.

A zona norte ofrece no seu conxunto unha densidade media de 43 viv/Km<sup>2</sup> e un índice de dispersión cifrado en 23 viv/entidade. Así e todo no interior desta zona destaca, polo seu tamaño, elevada densidade forte concentración da edificación a parroquia de SILLEDA, que conta coa capital municipal.

#### 1.2.2.2.2 ZONA SUR

Comprende a zona do municipio situada ao sur da estrada nacional N-525 está integrada polas parroquias de Cervaña, Cortegada, Chapa, Escuadro, Fiestras, Graba, Laro, Magaride, Moalde, Oleiros, Parada, Refoxos, Rellas, Siador e Xestoso.

Neste ámbito aséntanse 1.782 vivendas, representando unicamente o 43 % das vivendas totais do municipio, cunha densidade de 19 viv/Km<sup>2</sup> e un nivel de dispersión de menos de 10 viv/entidade. Estas cifras son inferiores ás correspondentes da zona norte e indicativas do inferior nivel de poboamento da zona sur e da existencia dunha maior dispersión da edificación.

En resumen a nivel do conxunto municipal, cabe destacar a concentración da vivenda na zona norte do municipio e en concreto nas áreas urbanas de Silleda e Bandeira e a maior dispersión da vivenda no medio rural, mais acusada na zona sur do municipio.

**CADRO Nº 2. CARACTERÍSTICAS DAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE SILLEDA**

PARROQUIAS	Superficie (Km <sup>2</sup> )	Entidades (nº)	Ocupación (Ent./Km <sup>2</sup> )	Poboación			Vivendas		
				2001 (Hab.)	Densidade (Hab/Km <sup>2</sup> )	Nivel de dispersión (Hab/Entid)	2001 (nº)	Densidade (Viv/Km <sup>2</sup> )	Nivel de dispersión (Viv./Entid)
ABADES (Santa María)	4,3	6	1,38	162	37	27	72	16,74	12,00
ANSEMIL (San Pedro)	1,27	2	1,57	75	59	37	28	22,05	14,00
BREIXA (Santiago)	3,03	6	1,98	168	55	28	62	20,46	10,33
CARBOEIRO (Santa María)	1,62	2	1,24	65	40	32	22	13,58	11,00
CASTRO, O (San Mamede)	3,26	7	2,15	118	36	17	45	13,80	6,43
CERVAÑA (San Salvador)	3,06	5	1,63	137	45	27	58	18,95	11,60
CIRA (Santa Baia)	3,7	14	3,78	301	81	22	102	27,57	7,29
CORTEGADA (Santa María)	9,6	15	1,56	358	37	24	120	12,50	8,00
CHAPA (San Cibrao)	2,28	7	3,08	162	71	23	72	31,58	10,29
DORNELAS (San Martiño)	4,7	8	1,7	177	38	22	64	13,62	8,00
ESCUADRO (San Salvador)	12,01	19	1,58	575	48	30	217	18,07	11,42
FIESTRAS (San Martiño)	2,92	9	3,09	159	55	18	49	16,78	5,44
GRABA (Santa María)	9,73	12	1,23	329	34	27	95	9,76	7,92
LAMELA (San Miguel)	2,35	11	4,68	321	137	29	121	51,49	11,00
LARO (San Salvador)	4,56	13	2,85	374	82	29	130	28,51	10,00
MANDUAS (San Tirso)	6,35	17	2,68	958	151	56	568	89,45	33,41
MARGARIDE (San Fiz)	2,71	4	1,48	200	74	50	62	22,88	15,50
MARTIXE (San Cristovo)	2,72	3	1,1	134	49	45	50	18,38	16,67
MOALDE (San Mamede)	9,76	13	1,33	249	26	19	93	9,53	7,15
NEGREIROS (San Martiño)	3,31	10	3,03	217	66	22	68	20,54	6,80
OLEIROS (San Miguel)	4,81	9	1,87	143	30	16	54	11,23	6,00
PARADA (San Tomé)	1,11	14	12,61	233	210	17	74	66,67	5,29
PAZOS (San Martiño)	3,9	2	0,51	58	15	29	23	5,90	11,50
PIÑEIRO (San Xíao)	3,75	9	2,4	241	64	27	92	24,53	10,22

PARROQUIAS	Superficie (Km <sup>2</sup> )	Entidades (nº)	Ocupación (Ent./Km <sup>2</sup> )	Poboación			Vivendas		
				2001 (Hab.)	Densidade (Hab/Km <sup>2</sup> )	Nivel de dispersión (Hab/Entid)	2001 (nº)	Densidade (Viv/Km <sup>2</sup> )	Nivel de dispersión (Viv./Entid)
PONTE (San Miguel)	4,15	8	1,93	179	43	22	69	16,63	8,63
REFOXOS (San Paio)	10	9	0,9	149	15	17	50	5,00	5,56
RELLAS (San Martiño)	2,85	5	1,75	103	36	21	40	14,04	8,00
SAÍDRES (San Xoán)	3,65	10	2,74	128	35	13	70	19,18	7,00
SIADOR (San Miguel)	5,2	14	2,69	183	35	13	82	15,77	5,86
SILLEDA (Santa Baia)	8,21	11	1,34	2.066	252	188	1274	155,18	115,82
TABOADA (Santiago)	3,43	9	2,62	248	72	28	94	27,41	10,44
VILAR (San Martiño)	3,75	5	1,33	127	34	25	61	16,27	12,20
XESTOSO (Santa María)	3,76	5	1,33	79	21	16	26	6,91	5,20
<b>TOTAL MUNICIPAL</b>	<b>161,78</b>	<b>293</b>	<b>1,81</b>	<b>9.175</b>	<b>57</b>	<b>31</b>	<b>4.107</b>	<b>25,39</b>	<b>14,02</b>

FONTES: Municipios e parroquias de Galicia. Universidade de Santiago de Compostela (1989)

Censo de Poboación. Nomenclátor 2.001 Pontevedra.

Elaboración propia.

### 1.2.3 Xerarquía dos asentamentos dentro de cada parroquia

A efectos de xerarquizar os asentamentos de poboación existentes, dentro de cada parroquia, pártese fundamentalmente do tamaño poboacional e habitacional dos asentamentos, da súa función no interior da correspondente parroquia, así como das disponibilidades de equipamentos e servizos urbanísticos.

#### 1.2.3.1 TAMAÑO

No CADRO Nº 3 figura a relación de entidades de poboación de cada parroquia co seu número de vivendas e a súa poboación.

Nunha primeira aproximación, atendendo ao tamaño das entidades de poboación existentes en SILLEDA, establecéronse os seguintes niveis:

NIVEL I.- Entidades maiores de 300 viv.

NIVEL II.- Entidades comprendidas entre 100 e 299 viv.

NIVEL III.- Entidades comprendidas entre 40 e 99 viv.

NIVEL IV.- Entidades comprendidas entre 30 e 39 viv.

NIVEL V.- Entidades comprendidas entre 20 e 29 viv.

NIVEL VI.- Entidades comprendidas entre 10 e 19 viv.

NIVEL VII.-Entidades menores de 9 viv.

#### 1.2.3.2 FUNCIÓN

No CADRO Nº 3. tamén figura a función das entidades tendo en conta os seus ámbitos de influencia: comarcal, municipal, parroquial, ou local.

Da análise do cadro despréndese que tanto en equipamento comunitario, comercio, servizos, como no plano de lecer, e o plano laboral, a capital, Silleda, presentase como o principal centro municipal e comarcal, seguido do núcleo de Bandeira.

No medio rural os equipamentos redúcense a equipamentos relixiosos, igrexas e cemiterios, e algún campo de festa. Estes soen situarse nos núcleos principais de cada parroquia e o seu ámbito de influencia é o propio da parroquia.

#### 1.2.3.3 DOTACIÓNS PÚBLICAS

A efectos de establecer a xerarquía dos núcleos, tamén se tivo en conta as disponibilidades de dotacións públicas de espazos libres e equipamentos.

Como se observa no CADRO Nº 3, a entidade mellor equipada é a de maior tamaño e que corresponde coa capital do municipio, SILLEDA, a que ofrece todo tipo de equipamentos.

No medio rural as dotacións están constituídas por pequenos equipamentos destinados a escolas, locais sociais, pistas polideportivas, igrexas, capelas, cemiterios e campos de festa que se reparten entre as entidades máis importantes de cada parroquia.

Cabe destacar o "Recinto Ferial Semana Verde", no que ten lugar a feira Internacional de Galicia, cuxa finalidade é a de fomentar o sector agropecuario galego orientándoo cara a industrialización e comercialización. No núcleo de Bandeira existe un recinto feiral, hoxe en día en desuso.

En resumo, a nivel de dotacións destaca como núcleo principal a capital de SILLEDA, podéndose considerar como centros secundarios as entidades rurais citadas anteriormente.

#### 1.2.3.4 SERVIZOS URBANÍSTICOS

No municipio de SILLEDA, os servizos urbanísticos son determinantes na xerarquización dos asentamentos, posto que non tódalas entidades do municipio dispoñen de servizos públicos de abastecemento, saneamento e electrificación.

De acordo cos aspectos citados no CADRO Nº 3 establece a xerarquía dos asentamentos de poboación existentes en cada parroquia. Dos datos contidos no citado cadro desprendese que:

##### PARROQUIA DE ABADES

Está constituída por seis entidades de poboación, todas elas de carácter rural e entre as que destacan: Abades con 24 vivendas, e NIVEL V, as restantes cinco entidades de poboación sitúanse en los NIVELES VI e VII.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

A totalidade dos núcleos pertencentes a esta parroquia están abastecidos de auga potable mediante pozos de titularidade privada.

En canto ao saneamento, nesta parroquia non contan con rede de sumidoiros, empréganse sistemas individuais de saneamento.

##### PARROQUIA DE ANSEMIL

Está constituída por dúas entidades de poboación, ambas de carácter rural. Contando, Ansemil con 17 vivendas, e Manduas con 11 vivendas. As dúas entidades desta parroquia sitúanse no NIVEL VI.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

O abastecemento de auga potable aos núcleos realizase a través de pozos pertencentes aos veciños.

O saneamento faise a través de fosas sépticas.

##### PARROQUIA DE BREIXA

Está constituída por seis entidades de poboación, todas elas de carácter rural e entre as que destacan: O Castro de Breixa e Igrexa con 13 vivendas, que se sitúa no NIVEL VI e O Castro de Breixa con 14 vivendas, que xunto con Igrexa se sitúan no NIVEL VI. As restantes entidades sitúanse no NIVEL VII.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

Esta parroquia está abastecida na súa totalidade por pozos de titularidade privada; non existe rede de sumidoiros, o saneamento das vivendas consiste en sistemas independentes de fosas sépticas.

#### PARROQUIA DE CARBOEIRO

Está constituída por dúas entidades de poboación de carácter rural, a de Carboeiro de Francia (12 viv). As dos sitúanse no nivel VI.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

O abastecemento de auga potable a estas entidades realizase a través de pozos, por outro lado, non existen rede de sumidoiros e o saneamento efectúase mediante fosas sépticas particulares.

#### PARROQUIA DE O CASTRO

Está constituída por sete entidades de poboación, todas elas de carácter rural e entre as que destaca polo seu tamaño, O Coto con 13 vivendas e situase no nivel VI, xunto con O Coto e Vilavella. As restantes entidades sitúanse no NIVEL VII.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

A totalidade dos núcleos pertencentes a esta parroquia están abastecidos de auga potable mediante pozos de titularidade privada.

En canto ao saneamento, nesta parroquia non contan con rede de sumidoiros, empréganse sistemas individuais de saneamento.

#### PARROQUIA DE CERVAÑA

Está constituída por cinco entidades de poboación, todas elas de carácter rural e sitúanse no NIVEL VI. Destaca Ouzande con 17 vivendas.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

Esta parroquia está abastecida de auga potable mediante pozos e o seu saneamento está formado por fosas sépticas de titularidade privada.

#### PARROQUIA DE CHAPA

Está constituída por sete entidades de poboación de carácter rural, sendo o núcleo máis importante os de A Cruz con 25 vivendas, situada no NIVEL V. As entidades de Comando e A Cruz sitúanse no nivel VI e as restantes no NIVEL VII.

As dotacións son as características do medio rural e a súa área de influencia é de carácter parroquial.

